

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 16 DE MARZO DE 2023

Ás 10:05 horas do día 16 de marzo de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 13 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos (asiste a todos os puntos agás o 11 e o 13)
D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 2a e 4)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 2b, 2c, 6a, 6b, 8a, 9a, 10a)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 2d e 6c)
D^a. Pilar Carneiro Miniño, xefa do Servizo de Xuventude (asiste aos puntos 5a e 6d)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 5b, 6e, 8b e 9b)
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 5c e 6f)
D. Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste ao punto 11)
D^a. Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste ao punto 13a)
D^a. Carla Candia Paz, xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e (asiste ao punto 13b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "IX programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública" (11.039-307)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:11	Páxina 1 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4D-C2DF2B-5AC4E5-ZCQWBW-JFC5DS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa Coruña" (1.458-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
 2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
 3. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
 4. MISTURAS, S.A.
 5. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
 6. NAROM. S.L.
 7. UTE ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. - ANTONIO FILLOY, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 80%-20%, respectivamente)

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa Marqués de Valladares" (1.459-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:11	Páxina 2 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4D-C2DF2B-5AC4E5-ZCQWBW-JFC5DS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CONSTRUCCIONES FECHI, SL
 2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
 3. GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U
 4. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
 5. UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.-ANTONIO FILLOY, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 80%-20%, respectivamente)

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano 2023 nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do Plan municipal de emprego (29.247-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación comunica que no certificado expedido polo Rexistro Xeral se fai constar que non se presentou ningunha oferta a través deste medio dentro do prazo fixado no anuncio de licitación que remataba o 14 de marzo de 2023, se ben fóra do prazo de presentación, o 15 de marzo, recibíuse no Servizo de Contratación unha proposición presentada por HIROMEGAL S.L. ao lote 5 a través do Rexistro Xeral.

Ademais compróbase na propia sesión que a referida proposición contén a oferta non encriptada polo que se puido coñecer o seu contido antes do momento da apertura, en contra do previsto na cláusula 14.1 do PCAP (*"En ningún caso deberán presentarse documentos non encriptados. A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador"*).

Procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A *"Documentación persoal"*, tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. GARCI VENTA, S.L. (lotes 1, 2, 3, 4 e 6)
 2. MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1, 2 e 3)
 3. SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (lotes 1, 2 e 3)
- b) Non admitir neste procedemento a HIROMEGAL S.L. (lote 5) por ter presentado a súa proposición fóra do prazo de presentación de ofertas fixado no anuncio de licitación (cláusula 15.1).

En calquera caso, a oferta non podería ser admitida por incluír documentos non encriptados dos que pode coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura (cláusula 14.1 do PCAP: *"En ningún caso deberán presentarse"*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:11	Páxina 3 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4D-C2DF2B-5AC4E5-ZCQWBW-JFC5DS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

documentos non encriptados. A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador”).

c) Formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano 2023 nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do Plan municipal de emprego (29.247-332) (lote 5)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano 2023 nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do Plan municipal de emprego (29.247-332).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 27 de febreiro de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 14 de marzo.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 16 de marzo de 2023 acordou non admitir no lote 5 deste procedemento ao único licitador presentado, HIROMEGAL, S.L. por ter presentado a súa proposición fóra do prazo de presentación de ofertas fixado no anuncio de licitación (cláusula 15.1).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:11	Páxina 4 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4D-C2DF2B-5AC4E5-ZCQWBW-JFC5DS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que a Mesa de Contratación non admitiu ao único licitador por ter presentado a proposición fóra do prazo de presentación de ofertas fixado no anuncio de licitación, cómpre declarar deserto este lote.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o lote 5 "Materiais para carpintería de aluminio" do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano 2023 nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do Plan municipal de emprego (29.247-332) porque o único licitador presentou a súa proposición fóra do prazo de presentación de ofertas fixado no anuncio de licitación".

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "IX programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública" (11.039-307)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico (9.624-336)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Xuventude do 10 de marzo de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" así como o informe que corrixe o anterior do 13 de marzo.

A Mesa acepta o segundo dos informes e acorda, por unanimidade, excluír deste procedemento a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP (superior a 20 puntos).

Acto seguido publícase no perfil de contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:11	Páxina 5 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4D-C2DF2B-5AC4E5-ZCQWBW-JFC5DS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de soporte en materia de programación, asesoramento e desenvolvemento de proxectos e asistencia a usuarios (9.901-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 10 de marzo de 2023 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, información, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (5.280-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo adxunto e o xefe do Servizo de Deportes o 13 de marzo de 2023 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*". A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda excluír deste procedemento a INTEGRACION DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES S.L. e INTEGRACION SOCIAL DE MINUSVALIDOS S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP, inferior ao 50% da puntuación máxima ("*Aquelas ofertas situadas no intervalo de calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación*").

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa Coruña" (1.458-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	CONSTRUCCIONES FECHI, SL	350.646,23 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	378.701,33 €
3	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	355.959,70 €
4	MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A.	347.415,00 €
5	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	309.456,24 €
6	NAROM, S.L.	380.741,70 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:11	Páxina 6 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4D-C2DF2B-5AC4E5-ZCQWBW-JFC5DS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Prezo sen IVE
7	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ANTONIO FILLOY, S.A.	326.884,41 €

Asiste á apertura D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI ****.*13.54***, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "pavimentación da rúa Marqués de Valladares" (1.459-441)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	156.193,71 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	176.949,93 €
3	GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U.	164.085,67 €
4	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	162.316,17 €
5	UTE ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. - ANTONIO FILLOY, S.A.	139.613,50 €

Asiste á apertura D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI ****.*13.54***, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar no ano 2023 nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do Plan municipal de emprego (29.247-332)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

Lote 1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:11	Páxina 7 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4D-C2DF2B-5AC4E5-ZCQWBW-JFC5DS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Maior baixa proporcional a aplicar aos prezos unitarios de cada lote recollidos no cadro de prezos do apartado 3G do Anexo I -FEC-	Maior baixa proporcional a aplicar a cada unha das unidades non previstas no cadro de prezos do apartado 3G do Anexo I -FEC-
1	GARCI VENTA, S.L.	27%	27%
2	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	15%	15%
3	SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.	5%	12%

Lote 2

	Licitador	Maior baixa proporcional a aplicar aos prezos unitarios de cada lote recollidos no cadro de prezos do apartado 3G do Anexo I -FEC-	Maior baixa proporcional a aplicar a cada unha das unidades non previstas no cadro de prezos do apartado 3G do Anexo I -FEC-
1	GARCI VENTA, S.L.	27%	27%
2	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	15%	15%
3	SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.	8%	22%

Lote 3

	Licitador	Maior baixa proporcional a aplicar aos prezos unitarios de cada lote recollidos no cadro de prezos do apartado 3G do Anexo I -FEC-	Maior baixa proporcional a aplicar a cada unha das unidades non previstas no cadro de prezos do apartado 3G do Anexo I -FEC-
1	GARCI VENTA, S.L.	21%	21%
2	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	15%	15%
3	SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.	7%	15%

Lote 4





	Licitador	Maior baixa proporcional a aplicar aos prezos unitarios de cada lote recollidos no cadro de prezos do apartado 3G do Anexo I -FEC-	Maior baixa proporcional a aplicar a cada unha das unidades non previstas no cadro de prezos do apartado 3G do Anexo I -FEC-
1	GARCI VENTA, S.L.	23%	23%

Lote 6

	Licitador	Maior baixa proporcional a aplicar aos prezos unitarios de cada lote recollidos no cadro de prezos do apartado 3G do Anexo I -FEC-	Maior baixa proporcional a aplicar a cada unha das unidades non previstas no cadro de prezos do apartado 3G do Anexo I -FEC-
1	GARCI VENTA, S.L.	12%	12%

Non Asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión do centro de usos múltiples de Vigosónico (9.624-336)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE da parte fixa do prezo do contrato
1	ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.	81.000,00 €
2	JUAN PABLO RIVAS PIREZ	83.141,96 €

Os dous licitadores achegan documentación relacionada coa formación e a experiencia do persoal por eles proposto, segundo o esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- do PCAP, que deberá ser valorada polo servizo xestor. Así mesmo, ambos os dous presentan o orzamento detallado esixido.

Asisten á apertura D. Pablo Soliño Gándara con DNI **.83.74*, en representación de SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.; e D. Xabier Ignacio Louzao con DNI **.83.86*, en representación de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.



A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

e) Procedemento aberto para a contratación do servizo de soporte en materia de programación, asesoramento e desenvolvemento de proxectos e asistencia a usuarios (9.901-113)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe de redución a aplicar aos prezos unitarios fixados no apartado 3.GFEC	
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	Xefe proxecto	20,10%
		Analista A	25,10%
		Analista B	25,10%
		Técnico sistemas/seguridade	25,10%
		Programador A	4,10%
		Programador B	4,10%
		Deseño gráfico Web	4,10%
		Operador	25,10%

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

f) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, información, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (5.280-611)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario da hora ordinaria recollido no apartado 3G FEC	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario da hora nocturna recollido no apartado 3G FEC	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario da hora festiva recollido no apartado 3G FEC
1	COMBINA SOCIAL, S.L	21,00%	23,00%	24,00%
2	INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO	15,67%	16,28%	14,30%



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario da hora ordinaria recollido no apartado 3G FEC	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario da hora nocturna recollido no apartado 3G FEC	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario da hora festiva recollido no apartado 3G FEC
	ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L.			
3	OSGA, S.L.	65,86%	67,62%	72,48%
4	PREMIATSU, S.L.	8,64%	4,90%	6,34%

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D. Israel Alonso Tajés, con DNI **.41.21*, en representación de INTEGRA MANTENIMIENTO GESTION Y SERVICIOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO; D^a. Raquel Alvite Tuñas, DNI **.44.16*, en representación de COMBINA SOCIAL, S.L.; e D. Jesus María Álvarez Fernández DNI **.50.98*, en representación de Unión Sindical Obrera.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do contorno do calexón Balado" (1.368-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 24 de febreiro de 2023, en cumprimento do acordado na sesión do día anterior, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación, da que se deu traslado ao xefe do servizo xestor.

O 3 de marzo de 2023 a enxeñeira industrial municipal, o xefe do Servizo de vías e obras e Infraestruturas e o técnico Administración Xeral da Área de Fomento emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen "que a empresa COTOVERDE OBRAS E SERVICIOS S.L. ratifícase na oferta presentada", polo que "Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato".

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de COTOVERDE OBRAS E SERVICIOS S.L. por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de



valores anormais.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10.018-113)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 9 de marzo de 2023, en cumprimento do acordado na sesión do 8 de marzo, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con FALCONIX SOLUCIONES, S.L.U.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación, da que se deu traslado ao xefe do servizo xestor.

O 13 de marzo de 2023 o xefe do Servizo de Administración Electrónica emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que *"a xustificación do prezo é suficiente é esta xustificación e conforme ó orzamento detallado"*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación:

- Aceptar a xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por FALCONIX SOLUCIONES, S.L.U. neste procedemento de conformidade co informe emitido polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 13 de marzo de 2023.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do contorno do calexón Balado" (1.368-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe da Área de Investimentos o 8 de marzo de 2023 de valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10.018-113)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou propoñer ao órgano de contratación a aceptación da xustificación da baixa de FALCONIX SOLUCIONES, S.L.U.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:11	Páxina 12 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4D-C2DF2B-5AC4E5-ZCQWBW-JFC5DS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do contorno do calexón Balado" (1.368-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a COTOVERDE OBRAS E SERVIZOS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial municipal, o xefe do Servizo de vías e obras e Infraestruturas e o técnico Administración Xeral da Área de Fomento o 3 de marzo de 2023.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do contorno do calexón Balado" (1.368-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	89,38
2	NAROM, S.L.	81,58
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	30,68

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36.494.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10.018-113)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou propoñer ao órgano de contratación a aceptación da xustificación da baixa de FALCONIX SOLUCIONES, S.L.U.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de soporte en



materia de programación, asesoramento e desenvolvemento de proxectos e asistencia a usuarios (9.901-113)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou pedir informe ao servizo xestor sobre a proposición avaliable a través de fórmula.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231.895-301) (lote 1)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar no lote 1 deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231.895-301)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos incluídos no «PROGRAMA DE AVELLANTAMENTO ACTIVO DA CONCELEIRÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL: «VIGO, CIDADE AMIGA DOS MAIORES», que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 100 e 56), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 44), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 30.11.2022 (trámite n.º119), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 59-60) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 117.2 da LCSP (L.9/2017) e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato, 403.440,72 € (IVE incl.), que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:11	Páxina 14 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4D-C2DF2B-5AC4E5-ZCQWBW-JFC5DS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



se imputará á aplicación n.º 2310.226.09.02 ("Vigo, cidade amiga dos maiores") dos orzamentos municipais e a súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades (con IVE):

LOTE I:

- 2023: 161.427,36 €
- 2024: 161.427,36 €

LOTE II:

- 2023: 23.353 €
- 2024: 23.353 €

LOTE III:

- 2023: 16.940 €
- 2024: 16.940 €

CUARTO.- *Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista".*

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 23 de febreiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 27 de xaneiro de 2023, de NASCOR FORMACIÓN, S.L.U. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 23 de febreiro de 2023 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L. neste procedemento.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231895-301) (Lote 1) na seguinte orde descendente:

ORDE	LICITADOR	TOTAL PUNTUACIÓNS LICITADORES
1º	OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.	72,25 PUNTOS
2º	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	70,55 PUNTOS
3º	FICTIONS	46,92 PUNTOS



Cuarto.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. (B70493275), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L., o día 27 de febreiro de 2023, que presenta a documentación requirida o 10 de marzo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de marzo de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 26 de xaneiro e 14 de febreiro de 2023, respectivamente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:11	Páxina 16 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4D-C2DF2B-5AC4E5-ZCQWBW-JFC5DS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:*

- *Acordo da sesión do 13 de xaneiro de 2023 polo que non se admitiu a AL ALBA EMPRESA DE SERVICIOS EDUCATIVOS, S.L. nos lotes 1, 2 e 3 por non ter emendado a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido.*
- *Acordo da sesión do 27 de xaneiro de 2023 polo que se excluíu a NASCOR FORMACIÓN, S.L.U. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP.*

2. *Adxudicar a OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L. (B-70.493.275) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231.895-301) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do lote é de 322.854,72 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 56.032,64 euros, cunha porcentaxe de desconto do 20,44 % a aplicar ao prezo unitario de hora de monitor previsto na cláusula 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- b) *Comprométese a achegar, no prazo dos 15 días seguintes ao remate de cada anualidade, a seguinte documentación:*
 - *Estudos do perfil básico das persoas usuarias dos obradoiros (procedencia, nivel de formación e forma de coñecemento da actividade)*
 - *Enquisas do nivel de satisfacción dos usuarios (actividade, organización e persoal, instalacións e equipamento e comunicación).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

13.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do "Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade" (11.933-224)

A secretaria comunica aos membros da Mesa, tras as pertinentes comprobacións, que non



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:11	Páxina 17 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4D-C2DF2B-5AC4E5-ZCQWBW-JFC5DS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

se presentou ningunha proposición a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.

Segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 15 de marzo de 2023 presentouse, por este medio e dentro do prazo concedido, unha única proposición, de ASE-PSIKE, S.L. (B-09.284.365), a través de documento número 230063515 de data 10 de marzo de 2023.

Compróbase na sesión que o documento presentado contén as proposicións avaliadas mediante fórmula e mediante xuízo de valor sen encriptar.

Á vista do anterior, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Non admitir a ASE-PSIKE, S.L. neste procedemento por ter presentado documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura (cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares- PCAP). En todo caso, a oferta presentada non se axusta ao modelo recollido no apartado 6B do PCAP, polo que sería excluída do procedemento (cláusula 14.2C).
- b) Formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do "Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade" (11.933-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de prestación do "Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade" (11.933-224)

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 23 de febreiro de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 10 de marzo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:11	Páxina 18 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4D-C2DF2B-5AC4E5-ZCQWBW-JFC5DS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 16 de marzo de 2023, acordou non admitir a ASE-PSIKE, S.L. neste procedemento por ter presentado documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura (cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares- PCAP).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que a única proposición presentada nesta licitación non foi admitida pola Mesa de Contratación por ter presentado documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura (cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares- PCAP), cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade" (11.933-224) porque a Mesa de Contratación, na sesión do 16 de marzo de 2023, acordou non admitir a única proposición presentada por conter documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura (cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares- PCAP).

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do plan municipal de emprego (19.874-77)

A secretaria comunica aos membros da Mesa, tras as pertinentes comprobacións, que non se presentou ningunha proposición a través da Plataforma de Contratos do Sector Público nin a través do Rexistro Xeral, tal e como se indica no certificado expedido por este o 15 de marzo de 2023.

Á vista do anterior a Mesa acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:11	Páxina 19 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4D-C2DF2B-5AC4E5-ZCQWBW-JFC5DS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto simplificado para a contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do plan municipal de emprego (19.874-77)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado, do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do plan municipal de emprego (19.874-77)

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 23 de febreiro de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 10 de marzo.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 15 de marzo de 2023, non se presentou ningunha proposición para este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición para este procedemento, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 15 de marzo de 2023, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:11	Páxina 20 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4D-C2DF2B-5AC4E5-ZCQWBW-JFC5DS-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



"Declarar deserto o procedemento aberto simplificado para a contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do plan municipal de emprego (19.874-77) por non terse presentado ningunha proposición".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

